



Instrucións para a matrícula de ESO e bacharelato

Curso 2021-2022 | Convocatoria de xuño

- I. **Prazo.** Entre o 25 de xuño e o 9 de xullo de 2021.
- II. **Procedemento de entrega de documentación.** Ofrecemos dúas posibilidades:
 - a. **Presencial.**
 - b. **Telemática.** Toda a documentación poderá remitirse ao seguinte enderezo electrónico: matricula@iespintorcolmeiro.org. Confirmaremos por ese mesmo medio a recepción da documentación.
- III. **Quen se matricula nesta convocatoria?** O alumnado que se atope en calquera dos seguintes supostos:
 - a. **Alumnado que promociona na convocatoria de xuño,** aínda que o faga con materias non superadas. O alumnado de 4º de ESO que non titule na avaliación de xuño pode presentar unha prematrícula para 1º de bacharelato.
 - b. **Alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO que está repetindo no curso 2020-21,** xa que promociona por imperativo legal.
- IV. **Documentación que debe entregar o alumnado.**
 - a. **Impreso de matrícula.** Dispón dun formulario que poderá cubrir no ordenador.
Aclaración para o alumnado de 3º ESO, 4º ESO e BAC. É moi importante que prestes atención a todos os apartados nos que se che pide que numeres por orde de preferencia as túas opcións.
 - b. **Impreso de autorización** do emprego da imaxe do alumnado e de participación en actividades extraescolares que se desenvolvan no concello de Silleda. Dispón dun formulario que poderá cubrir no ordenador.
 - c. **Copia do documento de identidade do alumno ou alumna que se matricule por primeira vez no centro.** No caso de que non dispoña del, deberá entregar fotocopia do documento de identidade do pai/nai/representante legal e fotocopia do libro de familia onde figure o alumno/a. O alumnado que xa estivese matriculado con anterioridade só deberá presentar copia do seu documento de identidade se non o tiña entregado antes ou se o renovou recentemente.
- V. **Pagamento do seguro escolar.** O alumnado de 3º e 4º de ESO, bacharelato, ciclos formativos e educación de persoas adultas ten a obriga de aboar o importe do seguro escolar: 1,12 €. O pagamento deberá realizalo todo o alumnado cando se inicien as actividades lectivas.
- VI. **Acollida do alumnado de procedente de 6º de primaria.** A situación sanitaria non permite levar a cabo a acollida do alumnado de 6º durante o período lectivo, polo que poñemos á disposición das familias un calendario para que visiten o centro unha vez rematadas as clases e en grupos pouco numerosos:
 - 5 de xullo (11 horas): 6º do CEIP Ramón de Valenzuela e centros non adscritos.
 - 6 de xullo (11 horas): 6º A do CEIP de Silleda.
 - 7 de xullo (11 horas): 6º B do CEIP de Silleda.